

SESIÓN ORDINARIA CONXUNTA DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS
PERMANENTES DO DÍA 26 DE DECEMBRO DE 2007

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás vinte horas do día vinte e seis de decembro de 2007, reúnense simultaneamente nun mesmo acto, tal e como establece o artigo 134.1 alínea 4ª do Regulamento orgánico municipal, en sesión ordinaria e primeira convocatoria, os membros das comisións informativas permanentes de estudo, informe, consulta e seguimento, coa denominación e concelleiros adscritos que a continuación se relacionan, segundo se deriva da acta da sesión extraordinaria da Corporación municipal de data 13 de xullo de 2007.

A) Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Promoción Económica.

Asistentes:

- Presidente: Don Francisco Javier Varela Tejedor, do PSdeG-PSOE.
- Don Felipe Andreu Barallobre, do PP.
- Don Antón Otero Domínguez, do BNG.
- Don Luis Miguel Taibo Casás, de EU-IU.
- Don Manuel Marante Gómez, do PG.

Asiste, como persoal da Corporación para efectos informativos, dona M^a Irache Enríquez Albaina, interventora municipal.

B) Comisión Informativa de Ordenación do Territorio, Medio Ambiente, Obras e Servizos.

Asistentes:

- Presidente: Don Antonio Varela Saavedra, do PSdeG-PSOE.
- Don Nicolás José Cubeiro Martínez, do PP.
- Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, do BNG.
- Don Luis Miguel Taibo Casás, de EU-IU.
- Don Manuel Marante Gómez, do PG.

C) Comisión Informativa de Educación, Benestar Social, Cultura, Normalización Lingüística e Participación Cidadá.

Asistentes:

- Presidente: Don Jaime Manuel López Lisnier, do PSdeG-PSOE.
- Dona Goretti Pérez Eléxpuru, do PP.
- Dona Gumersinda Becerra Montes, do BNG.
- Don Juan Antonio Fernández López, de EU-IU.
- Don Manuel Marante Gómez, do PG.

Faise constar que asisten, ademais, os seguintes membros dos grupos municipais: dona Erundina Prado Arcay, dona Carmen Tato Lago e don José Venancio Salcines Cristal, do PSdeG-PSOE; don José Antonio Baamonde López, dona María Jesús González Roel, dona María Jesús Vieites Mariñas e don Santiago Manuel Ríos Rama, do PP; e dona Laura Fernández Martínez, do BNG.

Actúa como secretaria dona M^a Luisa de la Red Ampudia, secretaria da Corporación.

A continuación, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria correspondente á:

COMISIÓN INFORMATIVA DE PRESIDENCIA, RÉXIME INTERIOR, FACENDA E PROMOCIÓN ECONÓMICA

1º.- Proposta respecto da revisión de tarifas do servizo urbano de transporte en auto-taxis do Concello de Cambre para o ano 2008.

Dada conta da proposta do concelleiro delegado da Área de Presidencia, Planificación e Réxime Interior de data 17 de decembro actual.

Comeza a exposición don Francisco Javier Varela Tejedor, e xustifica a proposta presentada porque a petición formulada polo presidente da Asociación Local de Auto-Taxis de Cambre está por debaixo dos índices de prezos, tanto nacional como autonómico.

A continuación dá lectura a un estudo comparativo onde constan as tarifas aplicables polos distintos conceptos en Cambre, A Coruña e Culleredo, estudo que consta no expediente administrativo.

A Comisión, en votación ordinaria, por un voto a prol do concelleiro do PSdeG-PSOE, e catro abstencións dos concelleiros do PP, BNG, EU-IU e GM (PG), en aplicación do sistema de voto ponderado, ditamina favorablemente a seguinte proposta:

Primeiro: Informar favorablemente a revisión das Tarifas de Auto-taxis de Cambre para o ano 2008, que supón unha subida do 4,5% sobre as tarifas actuais, obtendo os seguintes resultados, IVE do 7% incluído, así como engadir as tarifas de saída con destino ao aeroporto, e ocupación do maletreiro.

Tarifa diurna (aplicable os días laborais desde as 06:00 horas ata as 22:00 horas e os sábados desde as 06:00 ata as 16:00 horas).

- Baixada de bandeira	1,36 euros.
- Quilómetro percorrido	0,97 euros.
- Hora de espera	16,30 euros.
- Contía mínima	3,10 euros.

Tarifa nocturna (aplicable en días laborais desde as 22:00 horas ata as 6:00 horas, os sábados desde as 16:00 horas e os domingos e festivos as 24 horas).

- Baixada de bandeira	1,62 euros.
- Quilómetro percorrido	1,20 euros.
- Hora de espera	20,30 euros.
- Contía mínima	3,80 euros.

Suplementos

- Por uso de maletreiro	0,70 euros
- Por servizos con saída ao aeroporto de Alvedro (inclúe ocupación del maletreiro)	3,30 euros

Segundo: Publicar o correspondente anuncio no taboleiro de anuncios do Concello, co fin de que durante o prazo de dez días a contar desde o seguinte ao da publicación, poidan presentarse cantas alegacións se estimen oportunas, encontrándose o expediente a disposición dos interesados, na planta primeira do Concello, servizo de auto-taxis.

Terceiro: No suposto de que non se presenten alegacións, entenderase elevado a definitivo o acordo de revisión das tarifas e remitirase o expediente á Comisión de Prezos de Galicia, solicitando o correspondente informe favorable para a súa posterior aprobación pola Dirección Xeral de Comercio da Consellería de Innovación e Industria.

Neste momento, don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, voceiro do BNG, manifesta que o sábado, día 22, viñeron a examinar a documentación dos asuntos incluídos na orde do día deste pleno, e ese día non estaba o expediente que se inclúe no punto n.º 2. Así pois, considerando que para traelo a debate non había información suficiente para adoptar a decisión con fundamento de causa, solicitan que se retire este punto da orde do día e que se trate noutro pleno.

Fai constar que presentaron no día de hoxe un escrito no que solicitan a retirada do punto n.º 2 da orde do día do pleno de 27 de decembro e da Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Promoción Económica do día de hoxe.

Por parte da secretaria da corporación, como responsable de que os expedientes incluídos na orde do día estean a disposición dos concelleiros dende o mesmo día da convocatoria na Secretaría da corporación, e como responsable do departamento no que se tramitou o expediente do que se solicita a retirada, maniféstase que o expediente foi incluído na carpeta do pleno, xunto cos demais expedientes, o día 21, e entregado á auxiliar que debía estar no rexistro o sábado, funcionaria que, por certo, non pertencía a Secretaría, como tampouco a única auxiliar que estivo no rexistro o día 24, e se o día 24 se personaron concelleiros doutros grupos municipais a examinar os expedientes, e estaba o expediente ao que se fai referencia, tamén debía estar o sábado 22, dado que non veu traballar ningún outro funcionario/a como ben saben os concelleiros.

Por parte da secretaria se pregunta se algún outro concelleiro doutro grupo municipal veu o sábado ou o luns a ver os expedientes.

Don José Antonio Baamonde, voceiro do PP, contesta que veu o sábado, pero non puido ver os expedientes porque os estaba fotocopiando dona Laura Fernández Martínez, do BNG, polo que veu o luns ás 9:00 horas da mañá, e fotocopiou, entre outros, o expediente de modificación do Regulamento orgánico municipal.

Dona Laura Fernández Martínez reitera que o sábado non estaba o expediente na carpeta do pleno.

Don Luis Miguel Taibo Casás, de EU-IU, di que non puido vir velo ata hoxe.

Don José Antonio Baamonde reitera que o luns estaba na carpeta do pleno e fotocopiouno.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo conclúe dicindo que, se hai concelleiros que viron o expediente o luns, e ningún concelleiro dos demais grupos políticos pon obxección ningunha, dado que o BNG é o que presentou as alegacións e sabe entón de que se trata o expediente, non ten inconveniente en que se debata o asunto.

2º.- Proposta respecto das suxestións presentadas polos grupos municipais do BNG e GM (PG) á aprobación inicial da modificación do Regulamento orgánico municipal.

A Comisión, en votación ordinaria, por dous votos a prol correspondentes ao concelleiro do PSdeG-PSOE e do PP, e tres votos en contra correspondentes ao concelleiro do BNG, EU-IU e GM (PG), en aplicación do sistema de voto ponderado, ditamina favorablemente a seguinte proposta:

Primeiro: Desestimar as alegacións ou suxestións presentadas polos grupos municipais do BNG e GM (PG) en relación coa aprobación inicial da modificación do Regulamento orgánico municipal.

Segundo: Aprobar con carácter definitivo a modificación dos artigos 108.5, 115.1 alíneas c), f) e g) e artigo 135 parágrafo primeiro do Regulamento orgánico municipal, aprobada con carácter inicial por acordo do Pleno da Corporación en sesión de 27 de setembro de 2007, mantendo o citado acordo en todos os seus termos.

Terceiro: Publicar o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia, xunto co texto íntegro dos artigos modificados, isto de conformidade co establecido no artigo 70.2 da Lei 7/85, reguladora das bases do réxime local.

3º.- Proposta para modificar a data de celebración das sesións ordinarias da Xunta de Voceiros.

Dada conta da proposta de Alcaldía de data 21 de decembro actual.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, do BNG, lembra que estes mesmos argumentos foron utilizados por el no pleno extraordinario onde se tratou este asunto.

A Comisión, en votación ordinaria, por unanimidade dos cinco membros que a compoñen, ditamina favorablemente a seguinte proposta:

Modificar a data de celebración das sesións ordinarias da Xunta de Voceiros, que queda fixada para o xoves anterior á convocatoria das sesións ordinarias do pleno e comisións informativas, ás 14:00 horas. Se o citado día fose inhábil, a sesión terá lugar o seguinte día hábil, á mesma hora.

4º.- Proposta para asumir como propia a prestación do servizo público de desenvolvemento, mantemento e conservación das instalacións de iluminación municipal e centros dependentes do Concello de Cambre, aprobación da forma de xestión, memoria-proxecto de explotación, regulamento do servizo e expediente de contratación.

Vista a proposta do concelleiro delegado de Presidencia, Planificación e Réxime Interior de data 19 de decembro actual.

Comeza a súa exposición don Francisco Javier Varela Tejedor, manifestando que, en cumprimento a unha declaración de intencións que se fixo na primeira xunta de voceiros, o equipo de goberno trae esta proposta para terminar coa irregularidade dun dos contratos.

É unha proposta de asumir o servizo como un servizo público definido na Lei de réxime local. Engade que asume que hai distintos criterios como se fai constar no informe da Secretaría e Intervención municipais onde tamén manifestan que existen outras posturas, pero a proposta faise por considerar o servizo como un servizo público por diversos motivos. Porque o di a Lei de réxime local, porque é un servizo que reciben directamente os cidadáns, porque a administración conserva os privilexios de interpretación, control, etc. Por iso, conclúe, formula esta proposta para pedir o seu pronunciamento.

Don Nicolás José Cubeiro, do PP, manifesta que as diferencias entre ambas clases de contratos son importantes, sobre todo no tempo. Sen entrar en disquisicións xurídicas, consideran que hai máis transparencia se a duración é de catro anos, e non se coarta a actuación da próxima corporación, que se a duración é de doce anos. Conclúe dicindo que a corporación non debería contratar a un prazo tan longo.

Don Francisco Javier Varela Tejedor contesta que a duración como un contrato de xestión de servizo público podería ir a 25 anos. A razón fundamental non é a duración do contrato, senón que a administración se reserva uns poderes que non tería nun contrato de servizos, onde o control do servizo é máis leve.

Don Nicolás José Cubeiro contesta que, con independencia do contrato, as cláusulas tampouco están completas, pois no informe xurídico faise referencia a que non se determina a periodicidade das prestacións, etc.

Don Francisco Javier Varela Tejedor contesta que xa está solucionado. O equipo de goberno asumiu o informe técnico, e que non figuren eses prazos non quere dicir que non se poida determinar. O técnico cree que se pode ir a 12 anos e se se pode ir non ve problema ningún.

Don Nicolás José Cubeiro responde que os informes dos técnicos non son claros.

Concedida a palabra a don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, do BNG, manifesta que está seguro de que non se fixo a propósito, pero saíu non momento complicado para que os grupos poidan facer un estudo complexo. Por iso, formula unha proposta. Cree que todos están de acordo en que hai que sacar e actualizar os contratos, pero, tendo en conta que se levan tres anos de prórroga vencida, non habería maior problema en agardar 15 días máis, e contar co apoio forte da corporación. Se o que se aproba é un contrato de xestión de servizos públicos por un período tan longo, que está afectando a unha parte da economía municipal por un período moi longo, e tamén tendo en conta que os veciños e veciñas de Cambre van pagar por el, non lles preocupa tanto o debate filosófico. Pode haber opinións para todos os gustos, pero son legos no asunto e a súa opinión é que ese non é o problema. O problema está no tipo de condicións que se marquen na contratación, pois iso non é insignificante. A memoria ten que estar clara, non poden quedar as cousas para unha definición posterior, as empresas teñen que saber que teñen que facer.

Segue dicindo que a proposta que se somete a debate vai con moitos puntos, e a corporación non só se ten que definir sobre o contrato, senón tamén sobre unha memoria técnica, o regulamento. O inicio dun expediente de contratación implica moitas cousas como para decidir sobre un expediente que veñen ver o sábado a última hora da mañá e ata hoxe.

Segue dicindo que o seu grupo solicítalles que deixen o punto sen tratar, que o retire, e o BNG comprométese a facer un estudo exhaustivo. Será mellor para todos. Habería que cambiar as datas e algunhas cousas máis, que se faga un expediente máis perfecto e sometelo a súa aprobación.

Conclúe dicindo que non queren votar que non, pero cos datos que teñen nas mans tampouco se atreven a votar a prol, non queren meterse en recursos, etc.. O que todos queren é que se contrate, e é mellor facer o expediente para que convenza á maioría dos

membros da corporación e tratalo noutro pleno. Se ademais se require a maioría absoluta, pois poden estudialo e nun prazo o máis breve posible, estudalo e aproballo.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, de EU-IU, manifesta que é unha irresponsabilidade votar agora, pois o tempo que tiveron para ver o expediente é pouco, por iso van apoiar a proposta do BNG, para poder estudialo mellor.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez, do GM (PG), expón que non puido fotocopiar nada, e non puido velo ben, polo que propón que quede o asunto sobre a mesa como propón o BNG e EU-IU.

Don Francisco Javier Varela Tejedor contesta que, asumindo a postura do BNG, que a consideran responsable, agardan ter uns días de traballo conxunto e concretar ben as cousas, e agardan que cando se traia se vote por todos.

A Comisión, en votación ordinaria, por unanimidade dos cinco concelleiros que a compoñen, propón retirar o asunto da orde do día.

5º.- Proposta de modificación da retribución bruta anual polo desempeño con dedicación parcial dos cargos de concelleiro delegado da Área de Educación, Xuventude e Deportes e concelleiro delegado da Área de Facenda, Comercio e Emprego.

Vista a proposta de Alcaldía de data 21 de decembro de 2007.

Don Henrique Xabier Iglesias oviedo, do BNG, manifesta que lles gustaría saber os motivos desta proposta, pois saben que o traballo non falta, e a que é debido esta rebaixa, cando o compromiso de dedicación se mantén.

Don Jaime Manuel López Lisnier contesta que son funcionarios da Xunta, e dixéronlles que non teñen problema para ter a dedicación, pero sempre que non superen o 35% do bruto total que cobran, e as cantidades están por aí.

Don José Venancio Salcines Cristal contesta que a el dixéronllo de modo extraoficial dende a Universidade, a porcentaxe varía. As cantidades propostas son as contías máximas que poden cobrar para non incumprir a Lei de incompatibilidades.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo lembra que consta no pleno onde se debateu o réxime de dedicacións exclusiva e parcial, que el manifestou que lles parecía

excesiva a acumulación de salarios na administración pública, polo que isto ven a corroborar que aquelas achegas non eran gratuítas e agora hai que volver retomar o tema.

Don José Venancio Salcines Cristal contesta que ten parte de razón, pero a lei recolle a posibilidade de facer unha excepción. No seu caso, pediron que se fixese esa excepción que a lei contempla. No seu caso, non llo concederon, pero ata que non o pedira non se podía contestar.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez, do GM (PG), manifesta que entende que a persoa que traballa ten que cobrar, e ten claro que aquí, en lexislaturas pasadas, o que tiña un problema deste tipo cobraba por asistencias, entón, conclúe, tampouco pasaría nada se se tivera feito igual e evitaríanse estes problemas. Pronunciárase mañá no pleno.

A Comisión, en votación ordinaria, por un voto a prol, e tres abstencións correspondentes aos concelleiros do PP, BNG e EU-IU, en virtude do sistema do voto ponderado, ditamina favorablemente a seguinte proposta:

Primeiro: Modificar a retribución bruta anual polo desempeño en réxime de dedicación parcial do cargo de delegado da Área de Educación, Xuventude e Deportes que ostenta don Jaime Manuel López Lisnier, quedando establecida en 13.014 euros como retribución bruta anual, mantendo a dedicación mínima de vinte horas semanais, coa seguinte distribución:

- luns: de 19.00 a 21.00 horas.
- martes a venres: de 17.00 a 21.30 horas.

Segundo: Modificar a retribución bruta anual polo desempeño en réxime de dedicación parcial do cargo de delegado da Área de Facenda, Comercio e Emprego que ostenta don José Venancio Salcines Cristal, quedando establecida en 14.756 euros como retribución bruta anual, mantendo a dedicación mínima de vinte horas semanais, de luns a venres, coa seguinte distribución:

- luns e xoves: de 17.00 a 19.00 horas.
- martes e mércores: de 8.00 a 14.00 horas.
- venres: de 9.00 a 13.00 horas.

Terceiro: Publicar os anteriores acordos no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da Corporación, de conformidade co establecido no artigo 75.5 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.”

6º.- Proposta de modificación da relación de postos de traballo.

Vista a proposta do concelleiro delegado da Área de Presidencia, Planificación e Réxime Interior de data 21 de decembro de 2007.

Don Francisco Javier Varela Tejedor comeza dicindo que se pretende iniciar unha modificación da estrutura orgánica do concello. Ten un carácter provisional, ata que se faga unha valoración dos postos de traballo e á espera de ter o proxecto de orzamento falado e dialogado. Entón será cando se traia unha proposta definitiva. Con esta proposta se trata de racionalizar na medida do posible sen gasto ningún.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez, do PP, solicita que se explique mellor a proposta.

Don Francisco Javier Varela Tejedor contesta que se entregou unha proposta na xunta de voceiros que recolle o que se pretende acadar en función da especialización, tendente a chegar a un nivel xerencial por sectores ou áreas de actuación. Agora trátase de adecuar algúns postos de traballo e se retocan as funcións de cada posto. Retócase o posto de Réxime Interior.

Don Felipe Andreu Barallobre, do PP, di que ao seu grupo lle gustaría saber que vai pasar cos informes de Secretaría en materia de contratación.

Don Francisco Javier Varela Tejedor contesta que o informe de Secretaría non o toca ninguén, seguirá a facelo a secretaria pero a xestión levaríase fóra do departamento.

Don Felipe Andreu Barallobre, conclúe que se van abster para estudalo ata mañá, xa que botan en falta un informe técnico que avalie a proposta.

Concedida a palabra a don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, do BNG, expón que é un tema similar ao anterior, quizais é máis por incapacidade pois non se dá tempo e este tema ten bastante calado como para pararse. Todos cren que é necesario facer algúns cambios, hai que adaptarse ás novas necesidades e tempos, e tamén a novos criterios políticos de quen está gobernando, e comprométense a estudar con detenimento e facer achegas para que saia un organigrama municipal que sirva a todos, e que teña unha vocación de duración no tempo, non se pode facer agora co pouco tempo de que se dispón.

Segue dicindo que se debería explicar mellor, pois dálles a impresión de que o organigrama se presenta para un concello que non é Cambre, sería para un máis dimensionado. Cambre ten a súa dimensión, pero está lonxe do que se propón, pois propónse un proxecto de Pancho Villa, máis xenerales que soldados, e isto o di sen ánimo de criticar a ninguén.

Un concello como Cambre, polo rango de habitantes, ten que ter un posto de Tesourería, pero é difícil cando ten o nivel 22, e, loxicamente, non vai vir ninguén. O que lles parece é que coa proposta se intenta adoptar algúns aspectos do organigrama, máis pensando nunha situación de coxuntura que de perdurabilidade. Hai acumulación de funcións que é necesario ir segregando, e que se creen postos novo, pero gustaríalles velo con calma, e incluso nalgúns departamentos saben que habería que pensalo dúas veces antes de dicir que si.

Conclúe dicindo que o que piden ao equipo de goberno é que faga o mesmo, que o deixe sobre a mesa, e nun prazo dun mes, vólvese a tratar. Unha cuestión tan importante como é a estrutura do goberno municipal debe estudarse, que poidan participar e dar unha opinión o máis ampla posible. Trátase de que todo sexa en beneficio dos veciños de Cambre.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez, do GM (PG), pide que se deixe o asunto sobre a mesa.

Don Francisco Javier Varela Tejedor contesta que a proposta que se presenta está nos parámetros de concellos ente 25.000 e 30.000 habitantes. Simplemente traen unha proposta de reestruturación, é racional. En canto á reestruturación en áreas, son as áreas típicas, despois xa se verán os postos de traballo que se poden adscribir. O único definitivo é o nome das áreas, o demais quedará para un futuro. É unha adecuación funcional da RPT. O prazo de estudo e análise xa o ofreceron para cando se trate o orzamento. En canto á praza de Tesourería, xa se pediu, pero non se puido modificar o específico, que poderá saír dos orzamentos.

Volve repetir que é unha mera adecuación funcional da RPT. Por outro lado, hai unha asistencia técnica encargada que valorará o fluxo de traballo que se desenvolve en cada área e, en función diso, traerase ao pleno. Esa asistencia non concluirá o traballo en breve, requirirase como mínimo un ano. Por iso, conclúe, a proposta mantense tal cal.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo di que sente non entrar en detalle, pois non sabe se as fichas están fotocopiadas das aprobadas na última revisión que se fixo, ou se hai modificacións.

Don Francisco Javier Varela Tejedor contesta que se rectificaron os postos de traballo afectados.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo volve repetir que cre que, entre todos, se poden facer achegas.

Don Felipe Andreu Barallobre pregunta se entón a proposta é provisional.

Don Francisco Javier Varela Tejedor contesta que a definitiva será cando termine a valoración dos postos de traballo. Encargouse unha asistencia técnica que analice os fluxos de traballo.

Don Nicolás José Cubeiro, do PP, di que no 99 tamén se contratou, polo que pregunta se non funcionou ben.

Don Francisco Javier Varela Tejedor contesta que parece ser que, do manifestado polo BNG, non ten funcionado ben.

Don Luis Miguel Taibo Casás pide que se lles de máis tempo para falar cos traballadores, os sindicatos, etc.

Don Francisco Javier Varela Tejedor contesta que se levou á Comisión negociadora e os sindicatos que participaron a aprobaron por unanimidade, non houbo intervencións en contra.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo cre que non se xustifica a urxencia en discutir todo isto cando se vai iniciar un debate de máis calado no orzamento. O adecuado sería deixalo sobre a mesa para poñerse a traballar sobre iso.

Don Francisco Javier Varela Tejedor di que mantén a proposta presentada.

Sometida a votación a proposta, votan a prol o concelleiro do PSdeG-PSOE, votan en contra os concelleiros do BNG, EU-IU e o concelleiro do GM (PG) e abstense o concelleiro do PP.

Don Nicolás José Cuberio, do PP, manifesta que a abstención é motivada, para estudala no tempo que lles queda ata o pleno.

A Comisión, en votación ordinaria, por un voto a prol do concelleiro do PSdeG-PSOE, tres votos en contra dos concelleiros do BNG, EU-IU e PG(GM), coa abstención do PP, en aplicación do voto ponderado e co voto de calidade do Sr. presidente, ditamina favorablemente a seguinte proposta:

Primeiro: Aprobación da estrutura administrativa deste concello nos termos previstos na RPT, cuxa modificación se somete á consideración deste órgano plenario.

Segundo: Adecuación das fichas descritivas das funcións dos diferentes postos afectados pola citada modificación.

7º Rogos e preguntas

Rogos do PP presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao n.º 14 791 o 21 de decembro actual.

1º O grupo municipal popular observou que os axentes da policía local están efectuando a función de notificadores para a convocatoria dos plenos aos diferentes concelleiros que formamos esta corporación, tarefa esta que lle resta tempo da súa verdadeira ocupación. Polo que, o grupo municipal popular solicita ao equipo de goberno que convoque os plenos a través do persoal encargado para esta tarefa.

O Sr. alcalde contesta que se intentará.

Preguntas do BNG presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao n.º 14 800 o día 22 de decembro actual.

1ª Desde o verán establecéronse reunións de todos os grupos coa A.VV. de Pravio para, entre outras cousas, a ampliación de equipamento social para a parroquia, en concreto a ampliación do local social a través dun convenio coa Igrexa para o uso da casa do cura e da finca.

Desde que se iniciaron os contactos ou negociacións non volvemos a ter noticias nin información sobre as xestións levadas para conseguir o uso da casa do cura:

Que negociacións se fixeron e cal é o seu estado?

Por que razón no se informou aos grupos municipais?

Don José Venancio Salcines Cristal contesta que tal como está redactada non se adecúa á realidade. No verán houbo eleccións, saen elixidos, e o que fai el é convocar aos veciños e indicarlles que sería bo que convocasen ao resto dos partidos. Fanse dúas reunións. Non son os veciños os que convocan, senón que a súa concellería insta aos veciños a reunirse e que insten aos demais partidos.

Presentaron unha serie de medidas, e entre elas Juan Leiros comenta que a casa do cura sexa destinada a local social, e eles non o ven acertado, pois sería deixar na rúa aos nenos de Pravio, e os veciños non o verían con bos ollos. E o que propón el nesa reunión é que se actúe sobre a horta e os galpóns, e non sobre a casa, pois os veciños teñen interese en cooperar na horta do cura.

Agora teñen aberto un proceso de negociación coa Igrexa. Hai unha axenda de traballo e está como primeiro punto pechar os acordos que negociou o alcalde coa Igrexa, e teñen como obxectivo, en xaneiro, poder levar a cabo o convenio de colaboración coa Igrexa e despois darán o segundo paso.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que non estivo nesas reunións. Falouse de recuperar o resto das instalacións para uso social para a parroquia e as reunións, se foron a instancia do concelleiro delegado, pois felicidades, o que ocorre é que se interrompiron as reunións, e tamén a idea que tiña era que a propiedade non é do Arcebispado de Santiago. En calquera caso, o sentido da súa pregunta é que houbo reunións e conversacións fluídas, e quedou interrompido, por iso, preguntan, e eles non van apoiar ningunha opción para quitar o parvulario de Pravio.

Don Luis Miguel Taibo Casás, de EU-IU, di que nunca chegaron a interpretar que se sacaría o colexio, senón intentar rescatar o que hai. Outra cousa é a casa rectoral de Pravio, pero si lles gustaría que se inclúa a casa rectoral de Cambre, negociar para que poida ser utilizada.

2ª En relación coas recomendacións do proxecto de acondicionamento medioambiental do río Mero nas que se incide en impedir o uso de vehículos a motor:

Cal é a explicación para a compra dun “quad” para a policía local?

Don Francisco Javier Varela Tejedor contesta que están de acordo coa prohibición, pero non é incompatible que exista un vehículo para que a policía exerza as súas funcións. Un quad é máis ecolóxico e menos daniño, e quizais sería máis ecolóxico o patrullamento, a pé, a caballo ou en bicicleta, pero hai que entender que o máis operativo é un vehículo a motor, aínda que sexa ocasionalmente.

Don Henrique Xabier Iglesias contesta que se hai que facer algunha intervención, terán que entrar co vehículo que sexa, pero é paradóxico e pouco educativo facelo con ese vehículo e despois prohibir a utilización de quads, etc. Recomendán que o pensen.

3ª Por que ultimamente o goberno local emprega ás veces só o castelán nos comunicados aos veciños a través de e-mail, etc.?

Don Francisco Javier Varela Tejedor contesta que non sabe a que e-mail se refire. Normalmente trátase de contestar en galego os que veñen en galego, e en castelán os que veñen en castelán.

A continuación, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria correspondente á:

COMISIÓN INFORMATIVA DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO, MEDIO AMBIENTE, OBRAS E SERVIZOS

1º Rogos e preguntas

Rogos do PP presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao n.º 14 791 o 21 de decembro actual.

1º Veciños da parroquia de Brexo-Lema puxéronse en contacto con concelleiros do grupo municipal popular para informar da deterioración do parque da Pitona, xa que se atopa deteriorado e en época de choivas, ao carecer de canalización, as augas das fincas lindeiras inundano, sendo inutilizable para o uso dos nenos e persoas que gozan del, polo que o grupo municipal popular solicita ao equipo de goberno que acometa as obras necesarias para solucionar os problemas expostos.

O Sr. alcalde contesta que se acepta.

2º Na parroquia do Temple, veciños e comerciantes da rúa Constitución manifestaron o seu malestar pola escasa iluminación existente nesta rúa, sendo a rúa máis comercial de todo o noso concello. Á súa vez os veciños detectaron continuas anomalías no funcionamento da iluminación, principalmente no Paseo Marítimo, anomalías consistentes en fallos e cortes repetitivos da iluminación. Por iso, o grupo municipal popular solicita aumentar os puntos de luz da rúa Constitución e unha revisión a fondo da instalación do Paseo Marítimo, sendo esta unha reforma finalizada recentemente.

O Sr. alcalde contesta que o pasará a Instelec apra que faga un control.

3º Observouse por parte dos veciños que a billa existente no cemiterio municipal de Cambre se atopa deteriorada, producindo perdas continuas de auga, ante isto, o grupo municipal popular solicita a revisión e reposición, se procede, da mencionada billa.

O Sr. alcalde contesta que llelo pasarán a Otero.

4º O grupo municipal solicita a instalación dun espello para aumentar a seguridade viaria no lugar dos Campóns, na intersección da saída do instituto de Sigrás.

O Sr. alcalde contesta que llelo dirán a Luis Sanjurjo.

5º Tendo observado que hai un par de meses se efectuaron unhas medicións por parte dos topógrafos na zona axardinada do insitituto Alfonso X O Sabio da Barcala, o grupo municipal popular roga que se lle informe que obxecto tiñan os traballos realizados por estes técnicos.

Don Francisco Javier Varela Tejedor contesta que se encargou un traballo para incluír todos os espazos axardinados que fosen de competencia municipal.

6º Veciños da parroquia de Pravio, amosaron as súas queixas ante concelleiros do grupo municipal popular polo mal estado en que se atopan os camiños que van do cruceiro de Armental e da Calle ao Pombo, xa que despois das obras efectuadas na zona o firme quedou con desperfectos, polo que o grupo municipal popular solicita que se tomen as medidas oportunas para solucionar os problemas mencionados.

O Sr. alcalde contesta que irán a velo e llelo dirán.

Rogos de EU-IU presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao n.º 14 777 o día 21 de decembro actual.

1º En que situación se atopa a execución do proxecto da senda peonil na parroquia de Pravio.

O Sr. alcalde contesta que se fixeron os muros, púxose a agua e rede de sumidoiros, e están pendentes para o 2008 facer as beirarrúas.

Don Luis Miguel Taibo Casás comenta sobre a existencia dun poste onde dificilmente pode pasar unha señora cun carrito, e tamén hai un muro que está demolido, e están caendo pedras.

O Sr. alcalde contesta que mañá falará co enxeñeiro.

2º O grupo municipal de EU-IU, prega ao goberno municipal que se realice un plan de sinalización nos pasos de peóns, consistente en dotalos de dispositivos reflectantes, co fin de mellorar a seguridade viaria en todo o concello.

O Sr. alcalde contesta que o estudarán, a ver que se pode facer.

3º Pode informarnos o goberno municipal en que situación se encontra o expediente de cese da actividade da empresa “Lambda, S.L.” situada no lugar de Fabás en Pravio.

Ten solicitado a empresa outro tipo de actividade nas súas instalacións?

O Sr. alcalde contesta que non está funcionando a fábrica. Estase tramitando o expediente que tiña de hai anos. Está legalizando o que pediu no seu día.

4º Dende o lugar da Castellana en Cambre ata Fabás, na parroquia de Pravio, non existe ningún punto de iluminación público.

O grupo municipal de EU-IU, prega o goberno realice un proxecto para a instalación de iluminación na zona mencionada.

O Sr. alcalde contesta que vai na travesía que se contratou hai pouco.

Preguntas do BNG presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao n.º 14 800 o día 22 de decembro actual.

1ª A senda peonil de Pravio comezouse en maio de 2007, hai meses que a obra está paralizada, dada a situación actual, supón un perigo para as persoas e para o tráfico. Esta situación non pode continuar así por máis tempo:

Como e cando se vai rematar con esta obra tantas veces prometida?

Dáse por contestada. Non obstante, o Sr. alcalde engade que están pendentes de que fagan o orzamento definitivo e meter nos orzamentos do vindeiro ano.

2ª Continuando coa senda na mesma parroquia, para cando pensan facer a senda de Pravio á Castellana?

O Sr. alcalde contesta que a idea é terminar as de Pravio. Despois a de Cambre ao campo de fútbol e despois, a outra, cando haxa algún tipo de subvención.

3ª Vista a resolución da Alcaldía que suspende a actividade á empresa Armaduras Metálicas Lambda S.L.: Cal é a situación actual e en que vai a consistir a reposición da legalidade?

Dáse por contestada. O Sr. alcalde engade que o poden mirar onde Emilio.

Preguntas de EU-IU presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao n.º 14 777 o 21 de decembro de 2007.

1ª No pasado mes de agosto, foi aprobada por unanimidade unha moción presentada polo noso grupo para a dotación de servizos hixiénicos de uso público, e un elevador de cadaleitos, no cemiterio municipal de Cambre.

- Tense feito algunha xestión para dar cumprimento ao compromiso adquirido? En caso afirmativo, cal é a situación?

Don Francisco Javier Varela Tejedor contesta que están en fase de contratación as dúas cousas.

Por último, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria correspondente á:

**COMISIÓN INFORMATIVA DE EDUCACIÓN, BENESTAR SOCIAL, CULTURA,
NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA E PARTICIPACIÓN CIDADÁ.**

1º Rogos e preguntas

Non se presentaron rogos nin preguntas por escrito.

E non habendo máis asuntos que tratar, cando son as vinte e dúas horas, levántase a sesión, e, a teor do establecido no artigo 134.1, alínea 5ª do Regulamento orgánico municipal, exténdese a presente acta única, que é asinada polos presidentes das Comisións Informativas, de todo o cal, eu, secretaria, dou fe.

Presidente da Comisión Informativa de
Presidencia, Réxime Interior, Facenda e
Promoción Económica

Presidente da Comisión Informativa de
Ordenación do Territorio, Medio
Ambiente, Obras e Servizos

Francisco Javier Varela Tejedor

Antonio Varela Saavedra

Presidente da Comisión Informativa de
Educación, Benestar Social, Cultura,
Normalización Lingüística e
Participación Cidadá

A secretaria

Jaime Manuel López Lisnier

Mª Luisa de la Red Ampudia